

Achegamos información referente aos procedementos de admisión nos centros públicos e concertados da comunidade autónoma de Galicia para: Segundo ciclo de Educación Infantil (de 3 a 6 anos), Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato. No noso caso aféctanos únicamente a etapa de Secundaria.

Para o alumnado que xa está no centro e quere continuar o vindeiro curso, **non** é preciso que fagan reserva de praza.

Para o curso 20-21 ofértanse as seguintes prazas:

CURSO	PRAZAS
1º ESO	56
2º ESO	34
3º ESO	23
4º ESO	37

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE ADMISIÓN

O prazo ordinario de presentación de solicitudes é do **1 ao 23 de marzo**. A solicitude pode facerse [online](#) ou en papel, e debe axustarse ao modelo do [Anexo II](#) da convocatoria.

As solicitudes en papel presentaranse na Secretaría do centro.

NORMATIVA

- [DECRETO 254/2012, do 13 de decembro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [ORDE do 12 de marzo de 2013](#) pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [ORDE do 25 de xaneiro de 2017](#) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.